

---

O grupo municipal do **PARTIDO POPULAR (Populares de Caldas de Reis)** do concello de Caldas de Reis representado polo seu voceiro Fernando Pérez Domínguez co DNI 35.450.4532-R, ao abeiro do artigo 91.4 e 97 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (R.D. 2568/1986 do 28 de Novembro), e artigo 46.2 da Lei 11/1999, do 21 de Abril, de Modificación da Lei Reguladora de Bases de Réxime Local, propón, para á consideración do vindeiro Pleno Ordinario da Corporación Municipal a seguinte

---

## MOCIÓN

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

En pleno ano 2020, temos no noso Concello 4 vivendas incomunicadas dende o pasado 23/12/2019, e dicir, dende fai mais dun mes, e a día de hoxe non se fixo nada, estamos a falar do derrubamento do viario público en pleno centro do lugar de Segade de Abaixo (parroquia de Santa María), de maneira que as catro vivendas situadas tras o zona de derrubamento non poden acceder a estas con ningún tipo de vehículo e incluso para acceder a pé teñen que saltar unha cinta de sinalización, e debese destacar que tivemos a enorme sorte de que non se produciron danos persoais, posto que tratase dunha zona moi concorrida xa que son os marxes do río Umia e unha ponte moi singular ca ponte peonil de pasales.

Este concelleiro veu reiterando durante todos estes anos que se precisaba unha actuación urxente nese valo que sustiña o viario e no ano 2018-2019, dentro dun programa de axudas de Agader, o equipo de goberno municipal socialista decidiu incluír o asfaltado do viario que leva o lugar de Segade de Abaixo, voltando nese momento a reiterar, incluso por escrito, que no mesmo centro da aldea existía un muro de contención do viario a punto de derrubarse, posto que mostraba un estado ruinoso, e que non tiña sentido asfaltar o viario sen arranxar o valo que o sustiña. Como é habitual neste goberno municipal non se fixo nin caso, nin se arranxou, nin se indicou que se puxeran os equipos técnicos do Concello a traballar na solución dese serio problema.

Por elo, e tendo en conta a enorme gravidade da situación se propón ao Pleno a adopción dos seguintes

### ACORDOS:

1. Que o equipo de goberno tramite pola vía urxente a redacción do proxecto e a contratación das obras de reposición do muro e do viario que se atopa na súa parte superior.
2. Que a reposición do muro se leve a cabo de maneira que no se utilicen materiais que rompan o entorno de enorme interese medioambiental, e dicir, que non se recorra o formigón visto.

En Caldas de Reis a 27 de xaneiro de 2020

O GRUPO MUNICIPAL do **PARTIDO POPULAR (Populares de Caldas de Reis)**



[www.ppcaldas.es](http://www.ppcaldas.es)



<https://www.facebook.com/ppcaldasdereis/>



<https://twitter.com/PPCaldasdereis>



<https://www.instagram.com/popularescaldasdereis>



+34 621 224 620